



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Aprobación definitiva Orzamento 2023

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 03.04.2023 aprobou inicialmente o Proxecto de Orzamentos para 2023 integrado polo orzamento xeral, pola plantilla de persoal e polas bases de execución.

Publicado anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 084 de data 13.04.2023 e transcorrido o prazo previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentaron reclamacións, elévase a definitivo o orzamento xeral, a plantilla de persoal e as bases de execución do Concello de Abadín para o exercicio 2023.

Conforme ao artigo 169 do devandito Texto Refundido e ao artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Gastos de Persoal	508.820,00 €
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	1.608.780,00 €
Capítulo III: Gastos financeiros	1.300,00 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	98.900,00 €

B.- Operacións de Capital

Capítulo VI: Inversións reais	1.422.200,00 €
TOTAL GASTOS	3.640.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIONES NON FINANCEIRAS

A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Impostos directos	993.000,00 €
Capítulo II: Impostos indirectos	570.000,00 €
Capítulo III: Taxas, Prezos Públicos y outros Ingresos	167.600,00 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	1.236.400,00 €

B.- Operacións de Capital

Capítulo VII: Transferencias de capital	673.000,00 €
TOTAL INGRESOS	3.640.000,00 €

PLANTILLA DE PERSOAL**Persoal Funcionario.**

Escala: Funcionarios con habilitación de carácter nacional				
Denominación	Grupo	Nº prazas	Nivel	Situación
Secretaría-Intervención	A1	1	26	En acumulación
Escala: Administración Xeneral				
Subescala: Auxiliar				
Denominación	Grupo	Nº prazas	Nivel	Situación
Auxiliar Administrativo	C2	2	18	Interinidade

Persoal Laboral.

Denominación	Nº prazas	Carácter
Auxiliar de biblioteca	1	Temporal
Peón-conductor	1	Temporal
Conserxe	1	Temporal
Técnico de Educación Infantil	2	Temporal
Chófer conductor	2	Temporal
Axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	1	Temporal
Traballadora Social	1	Temporal

A plantilla de persoal laboral temporal pode ser obxecto de modificación consecuencia da concesión de subvencións da comunidade autónoma, da deputación provincial ou de outras entidades que financien a contratación deste tipo de persoal ou ben por necesidades do Concello para a execución de actuacións determinadas.

Contra o devandito acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS (2) meses a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos previstos no artigo 170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Abadín, 9 de maio de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 1453

O CORGO*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **orçamento** municipal para o exercicio **2023**, por acordo adoptado en sesión celebrada o trinta e un de marzo de dous mil vinte e tres, en cumprimento do disposto polo artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o citado orzamento ascende, no apartado de **gastos**, á contía de **catro millóns setenta e un mil cento setenta e seis euros con trinta e oito céntimos (4.071.176,38 €)**, e no apartado de **ingresos**, á contía de **catro millóns setenta e un mil cento setenta e seis euros con trinta e oito céntimos (4.071.176,38 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo a seguinte desagregación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.329.163,38.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.320.438,22.-
3	Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4	Transferencias correntes.....	39.700,00.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	1.368.731,88.-
7	Transferencias de capital.....	8.100,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		4.071.176,38.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	766.840,00.-
2	Impostos indirectos.....	27.130,43.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	300.351,48.-
4	Transferencias correntes.....	1.626.599,93.-
5	Ingresos patrimoniais.....	7.695,76.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	0,00.-
7	Transferencias de capital.....	1.342.558,78.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		4.071.176,38.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o **cadro de persoal** para o exercicio 2023 que, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, reproducíase a continuación:

➤ **FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
--------------	----------	-----------	-------	-----------

1. Habilitación Nacional:

Secretario-interventor, e Letrado
da Corporación

1	A1	28	OCUPADO
			Destino definitivo

1.2. Administración Xeral:**a) Área de servizos xerais:**

-Administrativo (Xefe de sección)

1	C1	22	OCUPADO
			Destino definitivo

-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais) 1 C2 16 OCUPADO
Destino definitivo

-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)/Secretaría Xulgado de Paz 1 C2 16 OCUPADO
Destino definitivo

b) Área económica e de facenda:

-Administrativo (posto de traballo de Contable) 1 C1 20 VACANTE

-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais: encargado da contabilidade) 1 C2 18 VACANTE
Desenvolvido por funcionario interino

Posto obxecto de estabilización ao abeiro do RD-L. 14/2021 (actual art. 2 Lei 20/2021)

1.3. Administración Especial:

-Arquitecto Técnico (media xornada). 1 A2 24 OCUPADO
Destino definitivo

➤ **PERSOAL LABORAL FIXO:**

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
I) Área de infraestruturas, obras, mantemento e servizos:				
Servizos especiais (Operario de Servizos múltiples) Contrato laboral fixo	1	----	----	OCUPADO Destino definitivo. Tempo completo
II) Área de Deportes:				
Encargado instalacións e edificios municipais (Operario de Servizos múltiples)	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE En proceso de estabilización
III) Servizos Sociais Comunitarios Básicos:				
Traballador/a Social Posto de atención servizo social comunitario e Coordinación SAF xestión directa	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE En proceso de estabilización
Traballador/a Social Posto de apoio ao posto anterior	1	----	----	VACANTE
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 1	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE En proceso de estabilización
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 2	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE En proceso de estabilización
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 3 Contrato laboral fixo	1	----	----	OCUPADO Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 4 Contrato laboral fixo	1	----	----	OCUPADO Destino definitivo. Tempo completo

Auxiliar Axuda a Domicilio nº 5	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 6	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 7	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 8	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 1	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 2	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 8	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 10	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Itinerario 13	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Libranzas 1	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio				
Libranzas 2	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
IV) Xestión do Punto de Atención á Infancia:				
Técnico de Atención á Infancia/				
Encargada do centro	1	-----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	----	----	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	----	----	VACANTE
V) Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local:				
Axente de Emprego e				
Desenvolvemento Local	1	----		OCUPADO TEMPORALMENTE
				En proceso de estabilización
VI) Servizo de Informador Xuvenil:				
Informadora Xuvenil/				
Encargada telecentro	1	----		OCUPADO TEMPORALMENTE

En proceso de estabilización

VII) Desbroce e mantemento preventivo de pistas e prevención de incendios forestais e mantemento de parcelas municipais:

Oficial 2ª	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE
				En proceso de estabilización
Oficial 2ª	1	----	----	OCUPADO TEMPORALMENTE
				En proceso de estabilización

➤ FUNCIONARIOS DE EMPLEO EVENTUAL:

Ningún.

No cadro de persoal non se contemplan as contratacións laborais temporais que o concello poida subscribir ao abeiro do convenio de incendios, do APROL rural ou doutro tipo de subvención ou financiación externa ou no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea ou a programas para actuación do emprego (como o Plan Único da Deputación) ao abeiro da disposición adicional 5ª e transitoria 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, ao abeiro do actual artigo 15 do ET.

E) PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

O Corgo, 5 de maio de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1454

LOURENZÁ*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 04/05/23 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao primeiro trimestre do 2023, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 5 ó 25 de maio do 2023.

Lourenzá, 4 de maio do 2023.- A ALCALDESA, Asdo: Rocío López García.

R. 1455

PANTÓN*Anuncio*

O Pleno do Concello de Pantón en sesión ordinaria que tivo lugar o día 27.04.2023, acordou aprobar provisionalmente e, con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, coa finalidade incluír unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, así como a actualización do "Manual para obter o orzamento de execución material dunha construción ou obra maior: orzamento de referencia".

O que se somete a información pública, para os efectos e en cumprimento do que prevé o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a fin de que, no termo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as persoas interesadas a que se refire o artigo 18 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais poidan examinar o expediente de referencia, que se atopa de manifesto nas dependencias da Secretaría Xeral e na Intervención Municipal, e presentar, no seu caso, as reclamacións e/o suxestións que consideren oportunas ante o Pleno da Corporación.

No caso de que non se formulen reclamacións durante o período de exposición pública, o referido acordo plenario considerarase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario de conformidade co que dispón o artigo 17.3 in fine do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pantón, 9 de maio de 2023.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1456

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023.

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 27.04.2023, acordou a aprobación definitiva, con resolución expresa das reclamacións presentadas, do Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2023.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala de dita Xurisdición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ao da presente publicación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

De conformidade co establecido no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, insírese a continuación o resumo por capítulos de cada un dos Orzamentos que o integran:

ESTADO DE GASTOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSOAL	1.182.266,55 €	46,878
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	950.156,58 €	37,675
3	GASTOS FINANCEIROS	2.200,00 €	0,087
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	104.142,02 €	4,129
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00 €	0,00
	Total operacións Correntes	2.238.765,15 €	88,77
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
6	INVESTIMENTOS REAIS	283.216,10 €	11,230
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
	Total operacións de Capital	283.216,10 €	11,23
TOTAL GASTOS		2.521.981,25 €	

ESTADO DE INGRESOS

A.- OPERACIÓN CORRENTES			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	IMPOSTOS DIRECTOS	761.027,51 €	30,18
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	35.500,00 €	1,41
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	298.578,02 €	11,84
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	1.053.038,35 €	41,75
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	10.000,00 €	0,40
	Total operacións Correntes	2.158.143,87 €	85,57
B.- OPERACIÓN DE CAPITAL			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	363.837,37 €	14,43
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
	Total operacións de Capital	363.837,37 €	14,43
TOTAL INGRESOS		2.521.981,25 €	

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta corporación, que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a continuación:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA: 1) Denominación das prazas. 2) Número de prazas. 3) Grupo. 4) Escala. 5) Subescala. 6) Nivel de complemento de destino. 7) Complemento específico (contía anual). 8) Observacións.

- 1) Secretario/a-Interventor/a. 2) 1. 3) A1. 4) Habilitación de carácter nacional. 5) Secretaría-Intervención. 6) 26. 7) 25.786,18 euros.
- 1) Técnico/a de Administración Xeral. 2) 1. 3) A2. 4) Administración Xeral. 5) De gestión. 6) 24. 7) 0,00 euros. 8) vacante/nova creación.
- 1) Auxiliar administrativo/a. 2) 1. 3) C2. 4) Administración xeral. 5) Auxiliar. 6) 16. 7) 4.065,60 euros.
- 1) Auxiliar administrativo/a. 2) 3. 3) C2. 4) Administración xeral. 5) Auxiliar. 6) 12. 7) 737,66 euros. 8) vacante (2)/ocupada interinamente (1).
- 1) Conserxe colexio. 2) 1. 3) AP. 4) Administración xeral. 5) Agrupacións profesionais. 6) 10. 7) 4.236,82 euros. 8) vacante.

PERSOAL LABORAL FIXO OU INDEFINIDO: 1) Denominación posto de traballo. 2) Número de postos. 3) Titulación esixida. 4) Observacións.

- 1) Operario de servizos alumeado público. 2) 1. 3) -. 4) Xornada completa.

PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA: 1) Denominación posto de traballo. 2) Número de postos. 3) Titulación esixida. 4) Duración do contrato. 5) Observacións

- 1) Traballador/a social. 2) 2. 3) Traballo social. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Educador/a social. 2) 1. 3) Diplomatura en educación social ou do título de grao en educación social . 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

- 1) Auxiliar de axuda no fogar. 2) 29. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Técnica depuración. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Peón depurado. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Peón tractor. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Peón Lixo. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Chofer lixo. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Peón Parques e xardíns. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Peóns alumeadado público. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Limpeza Centro de Saúde. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Animador sociocultural. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Auxiliar de cultura. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Bibliotecario/a. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) 25 % da xornada.
- 1) Limpeza colexio público. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.
- 1) Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. 2) 1. 3) 1º/2º Ciclo de Educación Universitaria. 4) Obra/servizo

Así mesmo, na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución de dito orzamento, dispoñendo a “BASE.- 28.-GASTOS DE LOCOMOCIÓN, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS” o que a continuación se indica:

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán abonados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta (155,90 euros).

- Media dieta, noutro caso (77,95 euros).

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe empregada.

No que se refire as asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que os membros da Corporación formen parte e a dotación aos grupos políticos municipais, estarase ao Acordo do 27.06.2019 adoptado polo Pleno da Corporación sobre o asunto “QUINTO. RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E DOTACIÓNS ECONÓMICAS DOS GRUPOS POLÍTICOS”, de conformidade co artigo 75.3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que na súa parte dispositiva dispón que:

“(…)

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes dedicacións parciais:

-Primeira Tenente de Alcalde; dedicación parcial de vinte (25) horas semanais, retribución bruta mensual de mil euros (1.200 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o vinteito de xuño actual.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta da Primeira Tenente de Alcalde, con efectos do 28/06/2019 do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, e Comisións informativas: setenta e cinco euros (75 €) por sesión.

B.- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: trescentos cincuenta euros (350 €) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- *Dieta enteira, nos casos con pernocta: cento cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (155,90 euros).*
- *Media dieta, noutro caso: setenta e sete euros con noventa e cinco céntimos (77,95 euros).*

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

QUINTO.- Dotacións Grupos políticos municipais:

De conformidade co artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local asígnase unha dotación económica fixa ós grupos municipais de 50 euros mensuais e outra variable de 50 euros por cada concelleiro.

A liquidación destas dotacións verificarase nos meses de xuño e decembro, con cargo á partida 912.489 do Orzamento do Concello.

SEXTO.- *Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2019 que se opoñan a este acordo.*

(...)"

Pantón, 9 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1457

POL
Anuncio
PUBLICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DA ORDENANZA NO B.O.P.

Rematado o prazo de exposición pública do acordo do Pleno do Concello de data 10 de marzo de 2023, referido á aprobación provisional da modificación da **Ordenanza reguladora da taxa do punto de atención á infancia de Pol**, publicado no BOP con data 20 de marzo de 2023.

Non tendo sido presentada ningunha reclamación e unha vez transcorrido o período de exposición pública, o devandito acordo elévanse a definitivo, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza fiscal modificada, tal e como figura no anexo deste anuncio.

Contra este acordo, elevado a definitivo, e a súa respectiva ordenanza, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, 6 de mayo de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

ANEXO I**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DE POL****Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 e 19 do referido texto legal, o Concello de Pol, establece a taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos do punto de atención á infancia deste Concello de Pol.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen os pais dos nenos en situación de alta no PAI de Pol e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4º.- Cota tributaria

As cotas a satisfacer por esta taxa obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte, de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 5º.- Cotas

“De conformidade co establecido no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís, os prezos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior.

O prezo pola atención educativa a xornada completa fíxase en 169.26€. Segundo a renda da unidade familiar sobre este prezo aplícanse as reducións que se especifican de seguido.

- Renda per cápita da unidade familiar	Cota/mes	
	Xornada completa	Media xornada
Inferior ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM	34,91 €	17,46 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	69,81 €	34,91 €
Entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	112,13 €	56,06 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	133,29 €	66,65 €
Entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM	147,05 €	73,52 €
Superiores ao 200% do IPREM	169,26 €	84,63 €

Estes prezos son para xornada completa (5-8 horas). No caso de asistir a media xornada (1-4 horas).

2.- Se a renda per cápita mensual da unidade de convivencia é inferior ao 80% do IMPREM aplicarase unha bonificación do 100% da cota tributaria.

3.- Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar ao disposto no punto primeiro, aplicaranse os seguintes descontos:

) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%, nos casos que non se acollan ao disposto no punto 7 deste artigo.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%

4.- Os descontos anteriores non serán acumulables.

5.- A cota para casos indicados urxentes polos servizos sociais será de 0 euros, ata que remate o carácter da mesma.

6.- Para estancias puntuais o prezo será de 2 euros/hora, irreducibles, que se aboarán de forma previa. Tamén se poderá facer de forma anticipada a través dos bonos de 10 ou 20 horas.

7.- **Establécese a gratuidade** da taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia en base á Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23 da Xunta de Galicia, publicada no DOG Núm. 147 de data 3 de agosto de 2022. Ao abeiro da citada Orde este Concello non repercutirá as cotas sinaladas en artigos anteriores aos proxenitores ou titores legais de todos aqueles menores que asistan ao PAI de Pol, gratuidade que establece, de acordo coa tida Orde da Xunta de Galicia, con efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2022, por ser a data de inicio do presente curso escolar.

Así mesmo, establécese a referida gratuidade durante todos aqueles cursos escolares nos que aplique a mencionada Orde ou outras de índole similar polas que a Xunta de Galicia ou calquera outra administración financie, íntegra ou parcialmente, o custe da taxa obxecto da presente Ordenanza.

Artigo 6º.- Base de cálculo

- a) Computarase a renda de tódalas persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de **tódalas persoas residentes na unidade de convivencia**. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 7º.- Pagamento.

- 1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo dos casos de suspensión temporal da cota, realizarase, mediante liquidación, mensualmente nos dez primeiros días do mes seguinte a que correspondan, mediante domiciliación bancaria.
- 2.- Cando o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes terá un desconto do 50%.
- 3.- Salvo os casos de suspensión temporal da cota, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.
- 4.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 8º.- Suspensión temporal da cota.

- 1.- Os suxeitos obrigados non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:
 - a) No mes de vacacións anual do neno/a.
 - b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.
 - c) Cando por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de pagar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50%
- 2.- A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.
- 3.- Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación, realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 9º.- Cobro de débedas.

As débedas por cotas non aboadas poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando transcorreran 6 meses dende o seu vencemento sen que se conseguiran cobrar a pesar de realizarse as xestións oportunas.

Artigo 10º.- Actualización dos prezos.

A contía dos prezos establecidos na presente ordenanza actualizarase anualmente de acordo co IPC e publicarase a nova lista de prezos no taboleiro de anuncios do Concello e do PAI e informarase aos usuarios.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula

os centros de Atención á Infancia e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores; Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente até a súa modificación ou derogación expresa.

Pol, 5 de maio de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1458

RÁBADE

Anuncio

Formulada e rendida a conta xeral do presuposto deste Concello correspondente ao exercicio 2022, e informada pola Comisión de Contas con data de 8 de maio de 2023, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade por prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e nos 8 días seguintes, todo elo de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Rábade, 9 de maio de 2023.-O Alcalde Presidente, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1459

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023 o expediente de modificación de créditos 5/2023- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 21.037,83 € (Vinte e un mil trinta e sete euros con oitenta e tres céntimos).

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de créditos antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 9 de maio de 2023.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1460

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/40678

José Manuel Leite Andrade, con N.I.F. ****2004*, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras consistirán en la ejecución del "Proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de vivienda unifamiliar. Plazuela de Cobas, 4. Monforte de Lemos (Lugo). Enero 2022", en la margen derecha del río Cabe, en la parcela con referencia catastral 1686309PH2018N0001QA, en el T.M. de Monforte de Lemos (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Monforte de

Lemos, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 18 de abril de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 1462

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/06686/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. José Fernández Osorio

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte do Retiro

Punto localización: Lugar de O Retiro, San Miguel de Neira de Rei

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 0,45 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 21 de marzo de 1997

Registro de Aguas: 6517, Sección A, en el Tomo 0066, hoja número 017

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 8 de maio de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1463

Anuncio

A/27/40001-2

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Club Fluvial de Monforte de Lemos

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalán en el río Cabe, en el Club fluvial de Monforte de Lemos, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo)

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: río Cabe

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Monforte de Lemos (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**,

a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Lugo, 9 de maio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 1464
